

1. **Introducción**

Para comezar a exposición, gustaría de facer algunha indicación sobre o significado de sindicalismo, razón pola cal o maxisterio tardou en utilizar esta forma de organización.

Inicialmente é un movemento que se asocia á revolución industrial e ao movemento obreiro. Ambolos dous procesos, estreitamente relacionados, implican a coincidencia de grandes grupos de persoas nun mesmo espacio, cunhas condicións de vida semellantes e uns intereses comúns.

Co tempo foise ampliando a sectores diferentes, como é o caso dos campesinos, que, a pesares de ser propietarios da terra, obtiñan escasos beneficios do seu traballo por causas moi diversas de tipo político e social. Mesmo se desvirtuou o concepto de sindicalismo, podendo levar tal nome as organizacións nadas para representar a traballadores, aínda que no fondo respondían aos intereses da patronal, (sindicatos amarelos) ou a determinadas ideoloxías, contrarias ao movemento obreiro, que predicaban a doutrina social da igrexa, ou a do réxime dictatorial, coa creación de sindicatos verticais. En ocasións, o asociacionismo estudiantil adoptou tamén o nome de sindicato, como no caso do S.E.U. a partir de 1933, próximo a Falanxe, ou recentemente o Sindicato de Estudiantes, de ideoloxía distinta e de implantación fundamentalmente no ensino secundario.

O maxisterio está influenciado pola revolución industrial, pois a escola xeneralízase coincidindo con esta no período contemporáneo, pero o aspecto reivindicativo dentro do colectivo docente é moito mais tardío, porque a escola asume o papel de “aparato ideolóxico do Estado”, correa de transmisión da ideoloxía dominante, e son poucos os educadores que no principio asumen papeis reivindicativos, tanto os relacionados co propio exercicio profesional, como os relacionados coas transformacións no papel da escolarización. Non só iso; contariamente ao que acontece co sector industrial, no entorno escolar non hai unha coincidencia de moitos mestres

nun espacio reducido, senon mais ben, cada escola é unha illa no maioritario medio rural, que se extendía polo 90% do territorio galego no XIX.

Unha rápida ollada á escola do XIX, amósanos un panorama desolador¹, tanto no tocante á formación do mestre, á profesionalización (compatibilizaba con outros oficios, pois os salarios eran miserables), aos recursos e métodos educativos, así como á pouca asistencia do alumnado á escola, máis ocupado nas tarefas agrícolas.

Son algúns mestres vangardistas, os que implicados en asociacións organizadas con obxectivos culturais mais amplos, (literarios ou xornalísticos) os que asumen certos papeis de crítica pedagóxica e social, denunciando a situación escolar e o mísero salario do mestre.

Mercedes Suárez², na obra citada, sitúa no ano 1873, o nacemento da Asociación General del Magisterio, vencellada á revista profesional *La Reforma*. En maio dese mesmo ano xa contaba con 15 asociacións provinciais. Polas mesmas datas, aproveitando as liberdades creadas pola Constitución de 1869, estaba creada no entorno de *El Magisterio Español*, a asociación Unión del Magisterio, de corte conservador, pero reivindicativa, particularmente na denuncia dos gobernos locais, polo incumplimento de normas relativas ao pago dos salarios.

A Restauración volve tornarse pouco propicia para o asociacionismo, polo que a capacidade reivindicativa chega ata o fin do século con escasa presenza. Apenas unhas Asociacións provinciais, con escaso respaldo do conxunto do maxisterio, editaban algún órgano de expresión e presentábanse como defensoras do ensino e do maxisterio. En Ourense, editouse *La Instrucción* por 1880 e o *Boletín de la Asociación Provincial de Primera Enseñanza* en 1889; en Santiago, *El Magisterio gallego*, desde 1882; en Lugo e Pontevedra tamén se creaban asociacións de mestres ao longo desa década.

Co novo século, e co cobro dos salarios directamente do Ministerio e non das administracións locais, iniciase unha nova etapa na profesionalización do maxisterio e no movemento asociativo, aínda sen utilizar a denominación de sindicatos para estas asociacións. A Asociación General de Maestros, que logo dará pé á creación de FETE-UGT, constitúese en 1902, sen continuidade coa que se creara no sexenio

¹ Podemos ver os abondosos traballos de Narciso de Gabriel, Mercedes Suárez e Antón Costa sobre ese período. En particular, N de Gabriel (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*. A Coruña: Edicións do Castro; A. Costa (2004) *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Xerais; M. Suárez (2002): *A educación en España durante o sexenio revolucionario (1868-1874)*. Vigo: Servicio de publicacións da Universidade de Vigo.

² M. Suárez (2002): *Op. cit.*

revolucionario. Seguindo a Antón Costa³ Na primeira década do século XX créanse asociacións por provincias ou por partidos xudiciais, cubrindo todo o panorama galego, sendo especialmente significativa a de Ourense que chega a soster tres órganos de prensa ao mesmo tempo.

Carballiño foi a sé dun multitudinario mitin en 1912 para os mestres de Ourense. O tono reivindicativo tiña aumentado. Aínda reclaman débedas dos Concellos anteriores a 1900, así como unha serie de medidas que dignifiquen a profesión e a calidade da escolarización. Ese movemento asociativo da segunda década foi en aumento, e pódese considerar que os de Carballiño foron os que prenderon o lume. Non facían uso do termo sindicato, mentres paradoxicamente era o sector confesional o que lanzaba en 1916 o “Sindicato Nacional de Maestros Católicos”. A Asamblea de Santiago en 1918 para federar as asociacións foi o cumio do asociacionismo anterior á República, pois acadou certa altura para logo esmorecer nos anos 20.

2. Asociacionismo e sindicalismo do profesorado na II República

Nas datas anteriores á IIª República, reorganízanse estas asociacións do maxisterio, cunha estrutura descentralizada por partidos, provincias, estados e cunha federación internacional, que entre outros temas, abordan cuestións relacionadas co traballo a prol da paz nas escolas⁴. O Congreso de Praga (“La paz por la Escuela”) é un exemplo deste florecer organizativo e da inclusión de problemas sociopolíticos entre as súas preocupacións.

Non obstante, comeza a xestarse un movemento organizativo, menos numeroso pero máis combativo, baixo a denominación de “asociacións de Traballadores do Ensino”. A súa vocación sindical é máis forte, e chegou a superar en Galicia a cifra de 600, a terceira parte deles en Ourense na ATEO (Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense).

Nunha homenaxe a mestres represaliados no Morrazo, déronse cita os líderes galegos desta tendencia sociopolítica do maxisterio. Por Ourense acudiron, Luis Soto, Albino Núñez, Luis Acuña e Armando Fernández Mazas⁵. Sen dúbida os catro terían un papel destacado. Se queremos establecer tres etapas na evolución durante o período

³ A. Costa (1989): *Escolas e mestres*. Santiago: Xunta de Galicia. E tamén Costa (2004): *Op. cit.*

⁴ X. Manuel Cid (1992): “El movimiento de Educación para la Paz entre las dos guerras mundiales”. **Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria**, 11, 265-286.

⁵ Antón Costa (2004): *Op.cit.* pax 1006

republicano, Albino (radical-socialista e logo comunista) sería o líder dun primeiro momento organizativo e de ilusión coa república; Acuña (galeguista) e Soto (comunista que evolucionaba cara o galeguismo) tiraron do carro no fin do primeiro bienio, no que eran críticos coa propia administración republicana; e Fernández Mazas (trotskista) tivo maior protagonismo no período da Fronte Popular en 1935-36.

Soto chama a ese movemento “revolta de gloria dos escolantes”, pois

“xa denates do ano 1931, eran os profesionais mais tensos, mais achegados ás calamidades dos traballadores, labregos, mariñeiros e artesáns das aldeas e pobos onde labouraban. Eran amigos dos meniños e dos libros, eran compañeiros dos pobres e sostiñan a idea esperanzada de que era indispensable un troque social das estruturas semifeudais que abafaban ó Estado e moi singularmente, moi fatídicamente, á Galicia esquencida e desprezada.”⁶

En 1932 crean a asociación ourensana, independente de FETE, pero con sede na Casa do Pobo. Albino Núñez xa falou en 1931 no mitin do primeiro de maio, simbolizando ese acercamento entre mestres e obreiros. No semanario *La República*, dirixido por Jacinto Santiago, xa se viñan expresando moitos mestres en termos de apoio ao cambio político e aos cambios sociais que permitisen unha vida digna ás crases traballadoras: o fundador dunha escola privada laica, Manuel Sueiro (“vello sindicalista no gremio da carpintería, a súa anterior profesión); o mestre de Amoeiro, Rafael Alonso, logo fusilado; o de Tamallancos, Ignacio Herrero, exiliado en Venezuela; o de Cambeo, Eligio Núñez, asesinado; o do Ribeiro, Amadeo López Bello, asasinado ... Nese cambio político, non so sostiñan as teses republicanas e de esquerdas, senon que estaban abertos ao discurso galeguista.

Frente aos mestres situados na órbita da Asociación Nacional del Magisterio Primario, que reproducían os medos transmitidos no Parlamento polo deputado pontevedrés, José Lopez Varela, inspector en Ourense no curso 1932-33, os mestres da ATEO eran moi respectuosos coas teses nacionalistas, coas que se mostraban esixentes no plano político, e encontrábanlle moitas vantaxes de tipo pedagóxico.

Amplos sectores do maxisterio “temían que a autonomización significase unha mingua na súa posición social, nos seus dereitos, nas súas expectativas corporativas de mellora progresiva; e que significase tamén unha nova presenza intromisiva de vellos caciquismos ancorados en diversas esferas locais...”⁷ . Con estes medos, unha boa parte

⁶ Luis Soto (1983): *Castelao, a U.P.G. e outras memorias*. Vigo: Xerais.

⁷ Costa, (1989): *Op. Cit.* Pax. 293

do maxisterio conformaba a súa postura diante do Estatuto de Autonomía, cunha actitude corporativista en certa maneira lexítima nuns casos, mentres que noutros casos só servía de careta para agachar ideas centralistas e conservadoras.

Sen embargo a A.T.E.O., despois de criticar a certo sector do nacionalismo pola súa ambigüedad diante da República, analiza as vantaxes pedagóxicas da galeguización, tanto no que se refire ó contido dos programas escolares, como en canto á utilización da “lingua rexional”. “É xa norma xeral dos planos modernos de ensinanza dar importancia suma á vida circundante do alumno”⁸. As colaboracións de Couceiro Freijomil, e as elaboracións internas de mestres galeguistas, como Ignacio Herrero, facían fincapé na necesidade de introducir o galego no ensino. A asociación pedagóxica era a plataforma axeitada para trasladar os ideais galeguistas á sociedade en xeral, e a escenarios políticos distintos do nacionalismo. Con estes mestres e con este traballo de concientización, no que participaban ó lado doutros axentes sociais, Ourense estivo á altura das circunstancias nun momento histórico de tanta transcendencia.

No sector docente xenérase un amplo movemento a prol da renovación educativa e a transformación social. Hai un elevado nivel de asociacionismo, non só en asociacións que poñían por diante o “profesionalismo” e “corporativismo”, autodefiníndose neutrais en aspectos que requerían compromisos políticos e ideolóxicos, (Asociación Provincial del Magisterio, que editou *Magisterio Orensano*), senón tamén en “organizacións de clase”, que se inscribiron desde o primeiro momento na Casa do Pobo, e estiveron conectadas coa Internacional de Traballadores do Ensino.

Os novos ensinantes incorporados á escola nos anos trinta, con algún “histórico” nas súas organizacións, confiaban na posibilidade histórica da utopía republicana e situábana como norte da súa actuación. Con máis ou menos acerto nos resultados, a loita era sincera e non se lles pode negar adicación e entusiasmo por acadar aquilo no que creían e que consideraban beneficioso para a infancia e para toda a sociedade.

Un profesorado culto, crítico, informado das principais innovacións que se estaban producindo na educación europea e mundial, facía propostas educativas que implicaban cambios radicais en tódolos sectores da sociedade. Con máis ou menos recursos e posibilidades tentaban levar á práctica estas indicacións da nova pedagogía e, no seu tempo libre, aínda tiñan folgos para a dinamización sociocultural e a concientización política, nun proceso de transformacións sociais ás que non podían

⁸ A.T.E.O. (1932): *Escuela de Trabajo*.

permanecer alleos. A pesares do utópicas que puidesen parecer algunhas formulacións, o contexto foi favorable para un cambio educativo, non só no plano ideolóxico – democratización do sistema educativo e perda de poder das institucións tradicionais – senón tamén na realidade escolar – na creación de escolas e nos avances didácticos- .

No plano da democratización, hai que apuntar certos cambios nas institucións e nos órganos democráticos de participación da comunidade educativa, desde aquelas que inciden indirectamente na escola, como o Goberno Civil, a Deputación e os Concellos, ata aquelas específicas, como a Inspección, a Escola de Maxisterio, ou os Consellos Escolares que substituíron ás Juntas Escolares de Instrucción Pública.

En canto ás realizacións concretas na realidade da escolarización e da alfabetización, a Segunda República supuxo a posta en marcha dun plano ambicioso de creación de escolas, de extensión da cultura escrita a amplas capas da poboación, completado con medidas oportunas para a dignificación da profesión docente, dentro dun esforzo importante por implantar un sistema educativo público de calidade.

Froito deste esforzo, Ourense sitúase a nivel estatal entre as zonas máis dinámicas en canto á creación de escolas e postos escolares. O promedio de creación de escolas foi suficiente para cubri-las necesidades de escolarización da poboación comprendida entre os seis e os doce anos, chegando a acadar en 1936 a cifra de catro escolas por mil habitantes. Mais do 30% desas escolas foran creadas durante o período republicano, especialmente no primeiro bienio cun 22 % das totais. Melloráronse tamén as estatísticas de matrícula e asistencia, como mostra da motivación que tiñan os cidadáns para escolarizar os fillos. As escolas pasan de 1170 no ano 1931, a 1539 en 1933, e a 1698 no 1936.

Os concellos soportaron boa parte dos custes da reforma. A instalación das escolas nos mellores locais posibles, o aluguer da vivenda para os mestres, a dotación de mobiliario e material eran competencias que incrementaban considerablemente o capítulo de gastos, chegando a partida de educación a un 11% como promedio provincial do conxunto de gastos municipais. Para algúns concellos rurais estes custos eran insostibles, pero non regatearon esforzos a prol da educación. Outros concellos con maior nivel de desenvolvemento, non só fixeron fronte ós gastos imprescindibles, senón tamén fixeron fortes investimentos para dotar as escolas de edificios públicos, acolléndose a subvencións concedidas polo Estado a tal efecto, ou achegando as aportacións que desde o outro lado do océano facían as Sociedades de Emigrantes.

A política educativa de reforma tiña que levar aparellada a dignificación da profesión docente, non só na mellora da formación e no status social concedido ó profesorado, senón tamén na profunda transformación dos cadros de profesorado.

Ademais de implantar o Plano Profesional que implicaba o acceso directo á profesión cun salario inicial de 4.000 pesetas ó ano, eliminou de entrada a segunda escala, que tiña moito que ver coas poboacións de menos de 500 habitantes. O 50 % do profesorado de Ourense estaba nesas categorías con salarios de 2.000 e 2.500 pesetas anuais. O salario mínimo quedou establecido en 3.000, coa perspectiva de equipararse co tempo ós do Plano Profesional.

No profesorado recaía tamén unha boa parte do labor alfabetizador, xa que eran responsables das clases de adultos e colaboraban en boa medida con outros procesos de acción sociocultural, especialmente co plano de Misións Pedagóxicas.

No principio dos anos trinta as cifras de alfabetos situábase ó redor do 50 % da poboación rural e do 60 % no medio urbano e zonas mais próximas á capital.

3. Historias persoais dentro dun amplo colectivo

A través de memorias e homenaxes que se veñen facendo en distintas comarcas a mestres republicanos, podemos salienta aquí algunhas biografías, dentro dun movemento que se caracterizou pola súa acción colectiva. Ademais da extraordinaria novela autobiográfica de Silvio Santiago, na que fai referencia ao seu irman, Jacinto Santiago (un dos profesores de Maxisterio incluídos neste traballo), tivemos nas nosas mans, en algún momento, os relatos publicados, en Francia durante o seu exilio, por Luis Bazal⁹, mestre de Palmés (Ponte-Canedo) de filiación anarquista. Tamén faremos referencia ás memorias de Luis Soto nas páginas que seguen.

Fernández Mazas,¹⁰ (1990), que tivo a oportunidade de seguir con vida, fixo recentemente un repaso polas atrocidades que sufriron algúns, procurando con elo un recoñecemento individual e colectivo, que nunca tiveran os mestres da súa xeración. Nunha carta remitida polo seu amigo, Ignacio Herrero, desde Venezuela, onde estivo exiliado, tivemos constancia tamén das suas peripecias para fuxir por Portugal. Ambolos dous estiveron tentados a incorporarse á escola en setembro, ante o rumor de

⁹ Luis Bazal (1966): *¡Ay de los vencidos!* Toulouse: Polygraphe Universel

¹⁰ Fernández Mazas, (1990): *Política y Pedagogía. Memoria Teórica de un Maestro de la A.T.E.O.* Ourense: Ediciones Andoriña

que non ia pasar nada. Pero preferiron seguir escondidos algún tempo, e o tempo deulles a razón.

Nun recente congreso conmemorativo do Centenario de Freinet¹¹, tamén fixemos mención ao grupo de mestres freinetianos da Cañiza, (Pontevedra), que correron a mesma sorte que algúns dos aquí reseñados.

Pequenas aldeas portuguesas contaron con heroes que protexeron a moitos republicanos nas suas casas e axudaronlle a continuar ata Lisboa para embarcar. Especial mención merece o profesor Manuel Barros, de Tourém en Montalegre, homenaxeado no ano 2000¹² e os veciños do pobo de Cambedo (Chaves), que arriscaron a sua vida por axudar a refuxiados galegos e tamén tiveron recoñecemento neste ano pasado¹³.

3.1. Luis Soto Fernández.

Era o líder do maxisterio republicano de filiación comunista, cunha clara evolución cara as teses do galeguismo nos meses anteriores á guerra civil, e xa, definitivamente galeguista, despois de acompañar a Castelao por distintos países latinoamericanos, en defensa da República e do Estatuto de Autonomía para Galicia. Nese tempo, Soto pasa tempadas en México, decidindo que esa fose a sua segunda patria a partir de enton, o lugar onde nacerían, vivirían e traballarían os seus fillos e netos.

Más alá dos lazos afectivos e persoais con este país, o propio Luis Soto fala nas suas memorias do papel do presidente mexicano en aqueles momentos de barbarie no Estado español. “O esgrevio xeral Lázaro Cárdenas, o gran amigo dos refuxiados españois, e que encol da su personalidade non pode haber máis que lembranzas de agradecemento e admiración, obrigoume a saír pra México, para organizar, con outros compañeiros profesores, o Quinto Congreso Americano de maestros...”¹⁴. Era o 18 de xullo de 1938, segundo aniversario do comenzo da guerra, e México acollía aos exiliados e apoiaba as suas actividades para volver á normalidade democrática no seu país. De feito en 1945, aprobouse na capital mexicana o ansiado Estatuto Galego. Castelao e Soto tiñan loitado por esta consideración de Galicia, en contra do fascismo e superando moitas trabas dos aliados republicano-socialistas españois.

¹¹ Cid; Dapía; Fernández, (1997): *Por unha escola do pobo. No centenario de Celestin Freinet*. Vigo: Servicio de publicacións da Universidade. pax 56-57

¹² López Mira, (coord..) (2002): *Galicia e Portugal. A fronteira esvaída*. Ourense: Concello de Xinzo de Limia / Universidade de Vigo.

¹³ Varios, (2004): *O Cambedo da Raia 1947*. Asociación de Amigos da República/ Concello de Ourense.

¹⁴ Luis Soto (1983): *Op. Cit.* pax104

Luis Soto formaba parte de aquela xeración de mestres que durante os anos republicanos organizouse para defender unha escola moderna á altura dos tempos, fundando para elo a Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (ATEO) en 1932. A maioría tiñan nese momento a idade de 30 anos (Soto nacera en Podentes-Celanova en 1902) e estaban cheos de utopías pedagóxicas na xoven república española. Como non podía ser menos, a primeira colaboración en prensa que encontramos de Luis Soto¹⁵ é no semanario *La República*, dirixido por Jacinto Santiago, facendo unha defensa da liberdade e dos ideais do seu veciño de Celanova, o extraordinario poeta, Curros Enríquez, cunha frase categórica: “Los enemigos de Curros son los más contumaces enemigos de nuestra libertad” (Soto, 1930). En *Escuela de Trabajo* o papel de Luis Soto sería moito máis importante, formando en algúns momentos parte dunha terna de dirección da revista, ademais de colaborar en moitos números, non só con artigos de reflexión pedagóxica, senón tamén nunha sección de arte, na que aparecían colaboracións de humor e literatura. Propuña una poesía comprometida coas clases populares, fronte aos versos para xogos floraies, aunque no dubidou en defender ao compañeiro Luis Acuña como un dos xóvenes poetas máis prometedores, polo seu estilo que o situaba na xeración do 27. Outros socios da ATEO consideraban que a poesía de Acuña non tiña ese compromiso social que eles reclamaban dos escritores. Varias colaboracións de Soto ian na dirección de explicar a poesía de Luis Acuña, considerado hoxe como un vanguardista polo seu libro *Firgoas*, publicado en 1933. A súa amizade levounos a protagonizar un dos proxectos máis ambiciosos da asociación, consistente nun concurso de “cuentos proletarios para los escolares” en 1934. Chegaron a recibir 85 exemplares desde todos os países de fala hispana, aínda que desconecemos o resultado do concurso e a localización dos orixinais, posto que a revolución de outono de 1934 afectou considerablemente á organización, coa suspensión da revista ata decembro de 1935.

Nas eleccións gañadas pola Fronte Popular en febreiro de 1936, Luis Soto tiña escola en Mondariz –Pontevedra, polo que deixou de ter protagonismo na asociación ourensá, orientando os seus esforzos na creación da Federación Galega de Traballadores do Ensino, obxectivo conseguido no Congreso de Vigo de maio de 1936¹⁶. A represión franquista, a súa fuxida a Francia para retornar á España republicana, e a súa posterior

¹⁵ Luis Soto¹⁵ (1930): “Los enemigos de Curros son los más contumaces enemigos de nuestra libertad”. *La República*.

¹⁶ Costa, (1989): *Op. Cit.* Pax. 288-290)

campaña por *América* en compañía de Castelao, convirteno nun dos líderes do galeguismo no exilio mexicano, que ten continuidade no seu retorno a España, en 1959, coa participación no grupo Brais Pinto, en Madrid e posteriormente na fundación da Unión do Pobo galego. Novamente houbo de abandonar o país pola súa actividade política nos anos sesenta e non volveu ata o final da dictadura.

3.2. Hipólito Sinfiriano Luengo

Desde febreiro do ano 1909, uns meses antes do fusilamento de Ferrer i Guardia, abriu unha escola laica racionalista en Ourense, conxuntamente coa súa dona Teresa Roqueta, este zamorano con formación librepensadora. En algún aviso da prensa local, encontrámolo formando parte da cúpula do Partido Radical, liderado a nivel estatal polo controvertido Alejandro Lerroux.

Descoñecemos a súa filiación sindical, pero era colaborador da ATEO, a ademáis, pola orientación laica da escola, podemos vencellalo a un extraordinario sindicalista librepensador, Eulogio Vázquez, que foi presidente da Sociedade Protectora da Escola Laica Neutral, ata que os socialistas o apartaron da escola e da Casa do Pobo.

A presenza dun “apóstolo” ferrerista no mesmo partido en que militaba o emblemático líder agrarista Basilio Álvarez, da mostras dos vaivéns ideolóxicos do lerrouxismo, pero ó mesmo tempo permítenos afirmar que, por encima dos intentos globalizadores e de imposición do pensamento único, a pluralidade ideolóxica pode convivir, compaxinando as discrepancias con moitos aspectos en común, como tiñan naquela sociedade ourensana o crego rebelde Basilio Álvarez e o educador laico Hipólito Sinfiriano Luengo.

Dentro da pluralidade que caracterizaba as organizacións naquel contexto pre-republicano, dous ideólogos ben diferentes compartían ideais de defensa das crases populares, aínda que militantes do Partido Radical, un partido de centro, moi alonxado dos intereses das clases traballadoras. ¿En que podían coincidir? Diferentes testemuñas persoais coinciden en sinalar que sectores da sociedade moi diversos, desde o republicanismo moderado ata as forzas de esquerdas e antiautoritarias, tiñan en común o desexo de cambio e superación dunha situación de alienación e carencia de oportunidades educativas e culturais na que vivían amplas capas da poboación obreira e campesiña.

Basilio Álvarez optou pola acción política e o labor xornalístico, creando o diario *La Zarpa* en 1921 e dinamizando o movemento agrarista galego, mentres os librepensadores laicos elixiron a educación como principal ámbito de acción concientizadora, especialmente a raíz da morte de Ferrer en 1909.

Este mesmo espacio era pretendido en exclusiva pola Igrexa católica e polas forzas do Antigo Rexime. A tendencia laica ou pretendidamente neutral que manifestaban algunhas escolas – en palabras de Antón Costa e Vicente Peña¹⁷ – “ocasionou cuantiosos problemas e disputas entre os promotores das escolas e os diversos sectores caciquís e eclesiásticos”. Estes foron especialmente virulentos na dictadura de Primo de Rivera. Ademais da Escola Laica Neutral, na que ensinaban Hipólito Sinfiriano e Teresa Roqueta, os emigrantes ourensans tentaron construír outra escola na Carballeira (Nogueira de Ramuín), non podendo acabar a obra en 15 anos, por boicot caciquil e clerical entre 1923 e 1936.

O avogado Agustín Rivas Villanueva solidarizábase, desde as páxinas do semanario ourensán *La República* (1930), co mestre de Vigo, David Ayala, pois en 1930 sufríu o peche da súa escola na rúa Romil, en Vigo. Tamén era librepensador, e ensinaba dacordo cos principios de liberdade de conciencia e mesmo na súa vida privada observaba estes principios tendo os seus fillos sen baptizar.

Este foco de laicismo en Ourense, que englobaba a partidos republicanos e de esquerdas, e a Sociedades de Instrucción de Cuba e Buenos Aires, concentrou os seus esforzos nunha Sociedade protectora da Escola Laica Neutral, que, ademais dos socios colectivos, contaba con 160 socios individuais.

Ademais dos mestres, é xusto recoñecer o labor dos presidentes desta Sociedade que foron catro ó longo dos anos que durou a experiencia entre 1909 e 1936. Juan Manuel Amor, Pablo R. Abad e Eulogio Vázquez representaron ata o comenzo do período republicano o espírito librepensador da Sociedade, moi vencellados ás Sociedades de Instrucción “Unión Provincial Orensana” de Buenos Aires. Ramiro Pérez Escudero accedeu á presidencia nos anos finais da República, nun intre de control do socialismo local sobre a Sociedade Protectora, que rompeu relacións coa emigración, e rodeado dun certo debate sobre a necesidade de cesión da Escola ó Estado para crear unha escola

¹⁷ A. Costa e V. Peña (1984): “Sociedades de Instrucción”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada editor, XXVIII, 218.

pública, que puxese fin a 27 anos nos que a iniciativa privada xustificábase polo abandono da escola pública por parte dos gobernos conservadores.¹⁸

Pola súa relación co sindicalismo anarquista quedaremonos coa reflexión do terceiro presidente, Eulogio Vázquez:

“El espíritu laico es el espíritu democrático del libre examen, el espíritu de independencia indómita, el espíritu democrático por excelencia que, sin tener otras normas que las dictadas por la razón y por la independencia, tiene por base firme la dignidad humana; caracterizado por la independencia y la actividad incesante del pensamiento, por la sinceridad, el respeto, la tolerancia, la fe en el progreso indefinido y la firme voluntad de ir siempre adelante en la persecución de un ideal de justicia y de paz”.¹⁹

A urbanidade empezaba polo respecto ao pasado da escola: cada ano, na data do pasamento de don Juan Manuel Amor, os nenos e nenas facían unha ofrenda floral diante dun monolito situado no cemiterio, e tamén escribían cartas de agradecemento ós protectores de Cuba e Arxentina. O respecto continuaba cos demais nenos e adultos.

“Si recibiamos insultos dos nenos da escola do Ave María que estaba ó lado no Xardín do Posío, non podiamos entrar en liortas, pois os profesores vixiaban desde a ventá que cada neno fose na dirección da súa casa ó saír da escola. Insistían en que se respetasen as ideas, aínda que os outros non respetasen as nosas.”

“Tíñamos que escoitar estoicamente unha cantiga que decía: Muera, muera Escuela Laica/ muera, muera la nación/ que queremos ser amantes/ del Sagrado Corazón”.²⁰

E continuaban decindo os nosos informantes:

“Nos e os nosos pais tivemos que sufrir vexacións que de nenos nen podiamos chegar a entender o que pasaba. Iso que escribe Don Eulogio Vázquez é certo: ameazaban con despedir a obreiros dos talleres, cando por medio de limosnas e ofrecimentos non podían romper a súa enteireza.”

Por exemplo, unha tía de Emilio Villanueva berráballe desde o corredor da súa casa na rúa do Paseo: “Emilito dile a tu padre que te saque de esa escuela. Si no puede pagarte otra, le doy yo el dinero para que te lleve a los mejores colegios de Orense”.

A Escola Laica respondía a este ambiente hostil, cunha boa formación cultural e científica e cun culto esaxerado á moral cívica e á urbanidade. Os alumnos teñen

¹⁸ Actas de la Sociedad Protectora de la Escuela Laica Neutral, 1931-36). Archivo de la guerra civil. Salamanca

¹⁹ Eulogio Vázquez (1930): “La Escuela Laica de Orense. A propósito del XXII aniversario de su fundación”, *La República*, 19 (20 de septiembre de 1930).

²⁰ Testemuña persoal de Emilio Villanueva e Luis Taboada, ex-alumnos da escola

gravado na cabeza o *Libro de Urbanidad* de Fabián Palasí (da I.L.E. de Sabadell), que aprendían de memoria, contradecendo os principios da pedagogía ferrerista.

“Caseque non podo crer – afirma Luis Taboada Camoeiras – que os mestres viñesen formados na pedagogía da Escola Moderna, pois a memorización e os castigos, como copiar 500 veces unha frase do libro de urbanidade, estaban á orde do día. En parte podíase comprender por que naquela época había moita incultura, especialmente naquel barrio, pola Trindade, Mariñamansa, estrada de Rairo, familias con moitos fillos, moitos problemas e moita miseria. Non era fácil tratar con 80 nenos nunha clase, na que cada un chegaba coa súa historia. As normas eran rixidas, pero cumpíanse e o resultado era unha boa educación en todos os sentidos.”

“Quen levaba bolas á escola, quedaba sen elas, e logo vendíanse para xuntar diñeiro e alugar películas ou comprar material... Á saída da clase, cada un na dirección da súa casa, estaba prohibido usar uns urinarios que estaban na rúa en malas condicións hixiénicas, que podían ser un foco de infeccións... Tódolos días desinfectábase a escola con Zotal... Distinguíase un alumno da Escola Laica polo cheiro a Zotal”.

“Algúns alumnos non remataban o seu contacto coa escola ata despois de aprobadas unhas oposicións, tanto no maxisterio como noutro ámbito laboral, polo que algúns deben todo o que foron á Escola Laica. Hainos desagradecidos, que non queren oír falar do asunto, pero hainos que conservaron toda a súa vida o recordo dos mestres”.

Para exemplo, a visita sorpresa que lle fixemos a don José Rodríguez, coñecido por “O Marrón”, propietario dunha carnicería na Praza de Abastos ata a súa xubilación; visitámolo cando estaba xogando unha partida no Orfeón, na Alameda, e ó decirlle o motivo da visita, con bagoas nos ollos, sacou do peto da camisa unha axenda, e mostrounos a foto de don Hipólito e dona Teresa, “como se fose a dos seus pais” – comentamos Luis Taboada e mais eu -.

O transfondo ético e social das escolas laicas era unha das súas principais preocupacións, pois respondían a unha necesidade de promoción cultural das clases populares, que rexeitaban a escola privada confesional e non confiaban nunha escola pública tan deteriorada e controlada polos intereses ideolóxicos das forzas vivas de cada localidade.

3.3. Jacinto Santiago García.

Non chegou a ter responsabilidades salientables na ATEO, pero sen dúbida é o ideólogo do maxisterio republicano, desde a súa posición de profesor de Didáctica das Ciencias na Escola Normal, desde a presidencia do Partido Radical-Socialista (liderado

a nivel estatal polo Ministro de Educación, Marcelino Domingo), e desde a dirección de *La República*. Caracterizouse pola capacidade crítica e de ruptura co pasado conservador, monárquico e clerical, na compañía de intelectuais e homes de acción, tales como: Alfonso Pazos, (diputado), Roberto Blanco Torres (director de *La Zarpa*) ou Candido Fernández Mazas (pintor e escritor que colaborou coas Misións Pedagóxicas). Como aprendices deste oficio de intelectuais demócratas tiñan aos mestres xoves, unidos polas ideas republicanas e por ser vítimas das escuras oposicións de 1928: Eligio Núñez, Adolfo R. Ansias, Raul González, Luis Soto, Baltasar Vázquez, Ignacio Herrero...

Exercían o seu labor concientizador en tertulias, mitins, artigos na prensa, e na creación de institucións cidadás. As principais tribunas eran a do Centro de Sociedades Obreiras, o local da Federación Republicana, ou o do Partido Radical-socialista.

Jacinto Santiago non ten publicacións extensas, pero chegaba aos lectores con pequenos soltos satíricos ou con artigos de actualidade tremendamente críticos, en publicacións progresistas como foron *El Pueblo Gallego*, *La Zarpa*, *Escuela de Trabajo* ou *La República*. Esta en dúas etapas: en 1919, semanario dirixido por Eduardo Barriobero; e 1930, semanario fundado e dirixido polo propio Jacinto Santiago, desde o cal chegou ás consciencias das clases populares con moita claridade e contribuíu a que en Ourense tamén se respirasen aires republicanos nas eleccións ao Concello no 14 de abril de 1931 e nas eleccións a Cortes tres meses mais tarde.

“Era o republicano da familia”. Unha familia “normal” de Vilardebós, no seo da cal naceu a finais do XIX. Así o expresa Silvio en *Silencio redimido*, pero lonxe de ser unha expresión que o culpabilice dos males que padeceron en 1936, semella mais un mérito que o seu irmán lle recoñece, e estase á espera dun maior recoñecemento. Esta é a testemuña:

“Na aldea veraneaban outras familias do pobo, que tamén pasaban os invernos fóra. Entre os veraneantes había un cura, de nome Don Xenaro, de moitas influencias dereitistas. Vivía habitualmente en Toledo, pero o Movemento agarrouno alí, e foi axiña un persoaxe principal en toda a provincia. Don Xenaro levábase ben coa miña familia... Agora ven: a miña familia era republicana, cicáis por selo o noso irmán Elói, a quen todos queríamos e respetabamos coma un pai. Pero a ninguén de nós se nos deu pola política do lugar...

En canto cheguei de Portoledo, fun visitar a Don Xenaro... Xunto del estaba un irmán seu... Sabía que non eran capaces de me facer mal: pero o que non sabía entón era que tampouco eran capaces de facerme ben. Boto por diante que non

me fixeron mal ningún, que eu seipa. O mal que me fixeron – que nos fixeron – foi o non facérennos ben , podendo facelo.”²¹

Con isto xa anticipamos o final de Jacinto Santiago (Elói, no texto), pois non tiña currículo para que un cura “de muitas influencias dereitistas”, fixese algo por el, aínda que fose ben amigo da familia. Outros curas sí fixeron algo en favor de persoas contrarias en ideas, pois o cristianismo non prohíbe que iso se faga. Un dos casos máis dramáticos, vividos por un cura, foi o caso do titular da Igrexa de Santa Eufemia que viu como lle asasinaron a catro sobriños, entre eles o líder de Xuventudes Socialistas, Ramón Fuentes Canal, e o mestre da Academia Sueiro, Eduardo Villot Canal.

Non só foi un exemplo intelectual pola súa acción periodística e política, senon que, para maior irritación do réxime fascista, era profesor da Escola Normal de Mestres, da Academia Xesta e da Escola de Artes e Oficios da Deputación.. Jacinto Santiago foi, posiblemente o único sancionado entre o profesorado da Normal, pero a sanción foi exemplar. Como xa escribín nun anterior artigo, nen sequera foi chorado públicamente polos propios compañeiros de Claustro²².

Na Escola Normal, “Era moi bo profesor”, coinciden en afirmar todos aqueles que dan testemuña da súa relación con el, tanto o seu irmán Silvio, como os seus alumnos.

Armando Fernández Mazas indicounos que “ensinaba moi ben as Ciencias, pero ademais formaba mestres en todas as dimensións: as leccións de Jacinto Santiago eran moi útiles para darnos conta de que o ensino non é unha acción meramente técnica, senon que ten unha función social”. Citando ao seu irmán Candido, afirma da persoa de Jacinto Santiago:

“El dio generosamente su saber a la ciudadanía, y mientras sus libros descansan inéditos en el lento ritmo de su estudio, él se preocupa, desdeñando olímpicamente las pajaritas liberales tan en boga, de conseguir un mundo mejor, una vida más serena, una civilización menos monstruosa”.²³

Raúl González fixo tamén lembranza dos profesores de Maxisterio. Despois de sinalar entre os mellores a media ducia (José Soler, de Historia Natural; Felipe Pedreira de Xeografía; José Andrés Manso de Literatura; Pedro Lópiz Llópis, sustituto do

²¹ Silvio Santiago, (1976): *Silencio Redimido*. Vigo: Galaxia. Pax.175

²² X. M. Cid (2003): “O Pedagogo” en *Risco. O mestre sempre vivo*. A Coruña: La Voz de Galicia.

²³ Fernández Mazas, (1990): *Pedagogía y Política. Memoria teórica de un maestro de la ATEO*, Ourense: Ediciones Andoriña. Pax. 106

anterior; Emilio Amor, de Pedagogía e Ernesto Ribera, de Caligrafía), afirma o seguinte:

“Na minha formación ideolóxica influíron moito mais D. Juan Fernández Xesta e Jacinto Santiago, con quen es seguín tendo relacións. Por indicación deles afileime a “Juventud Republicana” da que era presidente o entón xoven abogado Alfonso Pazos, morto no exilio en México, non fai moitos anos.”²⁴

Noutro parágrafo de *Silencio Redimido*, relata Silvio a conversa cun mestre que coñeceu na cadea no outono de 1936:

“- Vostede parece irmán de Don Elói, un profesor que eu tuven.
- Sí, son irmán.
- Excelente profesor. ¿E qué é del?
- Tamén está preso.
- ¿Eiquí?
- Non; na cárcere de Osende, e teño medo por el.
- Eu fun alumno seu. Son maestro, i á vez estudio Filosofía e Letras; pero barrunto que non vou rematar a carreira. Vin a incorporarme á escola, i ó descer do automovile fun detido por uns individuos da banda dun tal Ameneiro. Eu non quería vir, pero un tío meu que é crego en Alarico, donde eu son, aseguroume que nada me acontecería...
Logo de o ter sacado, a Garda Civil anduvo tola dun lado para outro procurándoo, e que despois de moito buscar, atopárono morto nunha cuneta. O Ameneiro e os seus deran cabo del.”²⁵

Tráxico é tamén a pasaxe na que nos conta como se enterou da morte do seu irmán. Cando Silvio Santiago ía traladado da cadea de Verín á de Coruña, relata así a visita que lle fixo ao seu irmán en Osende (debe ser Ourense, aínda que Fernández Mazas indica que estaba en Celanova):

“...Aproveitei para ver a meu irmán e pedín que mo deixaran ver. Fórono buscar. No mesmo intre arrepentinme do meu desexo, porque meu irmán padecía do corazón e, de certo, tiña que facerlle mal o verme encadeado. Pero xa non había remedio. Meu irmán saíu axiña... Cos ollos mais que coa boca, apenas chegou a decirme:
- ¡¿E ti?!
Con esforzos para conter as bagoas, con voz tremante pola emoción, quixen tranquilizalo:

²⁴ Testemuña persoal de Raúl González, mestre da ATEO, destinado en Sampaio, Ribadavia

²⁵ Silvio Santiago, (1976): *Op. Cit.* Pax. 228

- Non teñas cuidado de min; vou prá prisión de Portoledo , e penso que, en chegado, deixaránme en liberdade. Alí está a nosa nai tratando da custión.

- ¡Sí, home sí! ... Nosa nai tornará hoxe; cruzaraste con ela no camiño...

Nunca mais vin a este meu irmán. ¡Ai aquela ollada dos seus ollos grandes, agrandados aínda mais polo espanto de me ver encadeado, lévoa cravada na ialma!”²⁶

Unha vez liberado Silvio Santiago, ía conducido a Portugal pola súa irmá e un sobriño, e foi na casa da viúva onde se enterou da morte de seu irmán:

“ Pasamos a noite en Osende, na casa dunha cuñada, viuda de meu irmán Elói, morto catro meses denantes, sin eu nada saber. Miña cuñada contóume as circunstancias da súa morte e do seu cadáver, alcontrado, despois de muito buscar, á beira dunha estrada.

Eu era sabedor de que meu irmán tiña estado preso na cárcele de Osende; alí falara con el uns instantes, ó meu paso obrigado por aquela cadea na ocasión en que fun trasferido da prisión de Valmaior á de Portoledo. Mais tarde dixéronme que fora libertado e que se atopaba en lugar seguro, cabo doutro irmán que lograra fuxir a tempo pra unha aldea portuguesa.”²⁷

Sirvan as palabras de Fernández Mazas para mostrar a indignación que supuxo a morte do profesor de Maxisterio mais comprometido coa República, en compañía do seu discípulo mais ortodoxo, o mestre de Cambeo, Eligio Núñez, e doutros destacados republicanos:

“Detenido y encarcelado, fue sacado de la cárcel de Celanova en compañía de don Fructuoso Manrique (Teniente Coronel de carabineros), don Aquilino Sánchez (Alcalde de Carballiño) y de su compañero y admirador de su genio periodístico, el maestro de Cambeo, Eligio Núñez Muñoz (quien le ayudó a sostenerse, pues Jacinto sufría del corazón...) Fueron asesinados en las cercanías de Villarinofrío, una mañana de aquel otoño sangriento de 1936”.²⁸

Era o final dun home empeñado na formación de mestres e de cidadáns, un final sen juicio e polo tanto sen probas de que tivese cometido delito algún, pero o delito mais común, ós ollos do franquismo, era pensar libremente e expresar eses pensamentos nun diálogo crítico e plural.

²⁶ Silvio Santiago, (1976): *Op. Cit.* Pax. 230

²⁷ Silvio Santiago, (1976): *Op. Cit.* Pax. 27

²⁸ Fernández Mazas, (1990): *Pedagogía y Política. Memoria teórica de un maestro de la ATEO*, Ourense: Ediciones Andoriña. Pax. 106

3.4. Manuel Luis Acuña

Era un destes mestres que comezou a ter inquedañas políticas no final dos anos vinte, achegándose aos foros nacionalistas, en particular á Irmandade Galeguista que lideraba Vicente Risco. Ao mesmo tempo ía madurando un poeta extraordinario. Un poeta vangardista, que fixo dubidar a Fernández Mazas cando quixo presentarnos o movemento literario ourensán dos anos vinte dividido en dous polos: nacionalistas e vangardistas; no plano pedagóxico era un mestre aberto a calquera movemento renovador que rachase coa escola tradicional. Vemos o perfil dun activista disposto a sumar sempre na dirección da ruptura co pasado, nos campos social, político, literario, ideolóxico e pedagóxico. Con este perfil o seu espazo natural estaba entre os mestres que protagonizaron a renovación educativa da escola ourensá nos anos da Segunda República.

Acompañou a Albino Núñez e Luis Soto nos primeiros movementos organizativos do maxisterio, aínda que non escribía no semanario *La República*, senón que xa ía mostrando a súa arte poética en distintos medios de comunicación. Non gostaba tanto de reflexionar de política e pedagogía, senon de expresar o pensamento e o sentimento a través da poesía.

Na A.T.E.O. representaba ese pluralismo, no que tamén collían os ideais nacionalistas. Algo que era impensable na Asociación Provincial del Magisterio Primario. Acuña era ademáis a persoa con perfil conciliador, que sabía ler en positivo os aportes de colectivos e persoas moi dispares dentro do mapa político e ideolóxico republicano.

Na fin do curso 1931-32, o traslado de Albino Núñez á Coruña implicou certos cambios na organización da A.T.E.O., adquirindo moito protagonismo Luis Acuña, dentro dun colectivo que funcionaba de xeito colexiado. Sen embargo, Albino fora quen definira as posibilidades de colaboración e as discrepancias co nacionalismo²⁹. Escribía nas páxinas de *La República*: “Y aunque no hubiera en Galicia más nacionalistas que el señor Risco ya sería para mí el nacionalismo una cosa digna de la mayor consideración... Voy a permitirme, sin embargo, hacer una pequeña objeción a la actitud

²⁹ Albino Núñez, (1930): “Los nacionalistas y la política. Actitud incomprensible”. *La República*. I, 29 (28 de novembro de 1930).

de indiferencia en que están colocados frente a corrientes renovadoras y de franca tendencia revolucionaria que en los actuales momentos se observan”.

No semanario *La República* aparecen en escea os primeiros mestres que abordan sen complexos as relacións entre escola, sociedade, cultura e política. As principais biografías podemos velas en Fernández Mazas (1990). “Pedagogía e política” eran os titulares mais frecuentes, asinados por Albino Núñez, Manuel Sueiro, Baltasar Vázquez, Rafael Alonso, Luis Soto, Amadeo López Bello... Non aparece Acuña, cecais por que apenas teorizou sobre temas pedagóxicos. O seu papel sería outro.

La República, igual ca outros semanarios de esquerdas, tiveron unha vida breve, pois o republicanismo íase dividindo coa conseguinte merma do poder e da capacidade de acción. Foi este o intre no que o movemento de ensinantes pasou a un primeiro plano, xerando unha forte e plural vitalidade asociativa, e sostendo unha revista mensual que solprende en ambientes pedagóxicos de todo o Estado. *Escuela del Trabajo* nace en marzo de 1932 e publícase ata abril de 1934, cambiando o nome por *Escuela de Trabajo* a partir do número sete, etapa na que comeza a percibirse o protagonismo crecente de Manuel Luis Acuña.

Na primeira etapa, os seis primeiros números, o director foi, como indicamos con anterioridade, Albino Núñez, caracterizándose pola “elaboración teórica ó redor do principio do “respeto pola conciencia do neno”, como eixo dunha pedagogía entendida como coñecemento científico, obxectivo e neutral. Asumíase, sen discrepancias visibles, principios como o laicismo e a defensa da escola pública, e “só se aprecian disidencias en canto ás interpretacións do alcance social da escola única republicana”³⁰.

Na segunda etapa abundaron os discursos sociopedagóxicos e políticos, sendo Baltasar Vázquez, militante comunista, o que provocou as controversias cun artigo de fondo moi elaborado, no que indica que a pedagogía neutra é “incolora, inodora e insípida”. Soto, Vazquez, Mazas e Salgado deron con este discurso un xiro radical á revista, criticando desde posicións marxistas a escola única burguesa, a escola neutra e as preocupacións meramente didácticas dos primeiros colaboradores.

Acuña non participa deste debate, pero é cada vez o home de mais confianza de Luis Soto, quen ao mesmo tempo vai sendo o punto de referencia da A.T.E.O. Entrou a formar parte do grupo directivo da revista despois da primeira crise, aparecendo como membro do Consello de Redacción desde o número nove, logo Secretario do Consello e

³⁰ X. M. Cid, (1994): *Escola, democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a IIª República*. Ourense: Concello de Ourense / Universidade de Vigo. pax. 55

mais adiante membro dunha terna de dirección. No último número, o 26, volvía contar cun só director e ese foi precisamente Luis Acuña, o home de consenso³¹.

Ese número pecha unha terceira etapa, que arranca en novembro de 1933 co trunfo electoral da dereita nas eleccións xerais. Esa etapa reflexa as dificultades para soste a revista nun clima que comeza a ser de contrarreforma.

Acuña inicia a finais de 1933, con Ignacio Herrero, o proxecto mais ambicioso da A.T.E.O., desde o punto de vista da práctica educativa: o concurso de contos proletarios para nenos. ¡Lástima que non chegasen ata nós os 84 contos presentados! Chegaron momentos difíciles para o maxisterio republicano, e o proxecto non chegou ó seu fin, coa publicación dos orixinais. Non houbo continuidade, pois só nos primeiros meses do 1936 tentouse retomar unha publicación co nome de *Boletín de la A.T.E.O.*, pero sen o entusiasmo dos primeiros anos republicanos, pois nove dos dirixentes da asociación pasaran pola cadea despois de outubro de 1934. Non foi a represión que se vivíu mais tarde, pero en plena república podía lerse no expediente do propio Herrero:

“Resultando que el instructor del expediente de revisión dispuso se interrogara a los niños de escuela y a varios padres cuyos hijos estuvieran matriculados en ella, manifestando unos desconocer los hechos de que se acusa al maestro y otros que les enseñaba a no respetar a los padres ni a las personas mayores; Resultando que el maestro señor Araujo, que sustituye actualmente al expedientado, declaró en su nueva comparecencia que si bien era cierto que había encontrado en la escuela a los niños imbuídos de algunas ideas subversivas, bien pudiera ser ello debido a la influencia de un maestro sustituto sin título profesional que estuvo en dicha escuela con anterioridad; Considerando que de las diligencias instruídas en las dos ocasiones no se desprenden claras acusaciones debidamente probadas contra el maestro señor Herrero, sino imputaciones que si algunos declarantes las mantienen, los más las rechazan; Considerando que al parecer los que se manifiestan contra el maestro lo hacen más movidos por diferencias de opinión y apasionamientos políticos que por especial cuidado de la enseñanza, y que si bien pudiera decirse lo mismo de los que se declaran a favor del maestro, se llegaría entonces simplemente a rechazar los resultados de la prueba testifical, quedando el maestro, por consiguiente, libre de acusaciones, ya que dicha prueba es la única que se esgrime contra el maestro.”...³²

Acuña tiña noticias destes episodios desde o seu novo destino en Madrid, onde tivo que sentir moita rabia, a pesares do interese da nova experiencia. “”entrou en

³¹ X. M. Cid, (2000): “Acuña, educador nunha xeneración de educadores”. Nicolás, R. ed.: *Manuel Luis Acuña*. Vigo: Edicións Xerais. Pp 144.

³² B.O.M.I.P. (1935): Resolución del expediente de Ignacio Herrero Fuentes abierto en relación con los acontecimientos de octubre de 1934. *Boletín Oficial del Ministerio de Instrucción Pública*. (30 de abril de 1935).

contacto - escribe Ramón Acuña- con xentes da xeración do 27, a súa propia xeración,... coñeceu a Federico García Lorca, admirou a Manuel Azaña, político, orador e escritor, ensaiou técnicas de educación moi adiantada nas súas clases...”³³

Desde alá coñeceu tamén a represión que se cebou nos homes e mulleres da República, particularmente os amigos do maxisterio da provincia natal. Mais de seiscentos foron destituídos, tal como puxemos de manifesto noutros traballos³⁴.

Entre eles Acuña que tivo que adicarse ao ensino privado. Na Academia Bóveda, que durante a dictadura estivo asociada coa Academia Sueiro, deron mostras da súa capacidade docente moitos mestres represaliados, ata que foron repostos na escola pública, xa polos anos sesenta. Coñecidos son tamén nesa época os estudos Galicia, rexidos por Albino Núñez.

Uns na privada, e outros exiliados, asasinados, ou apartados do ensino, podemos facernos unha idea de como quedou a escola pública durante o franquismo; volveu ser mais que nunca un dos aparatos ideolóxicos do Estado. O sindicalismo deixou de existir e o mestre volvíu ser a persoa dócil e obediente se quería salvar a vida.

3.5. Armando Fernández Mazas.

Liderou a ATEO na última etapa, na que se reconstituíu despois do bienio conservador, para colaborar no trunfo da Fronte Popular. Nese momento a proximidade á FETE xa era evidente. Coñecín a Armando Fernández Mazas no Ateneo de Ourense a principios dos oitenta e por alí ía tódolos días, ata que unha tarde de marzo de 1996 sorprendeuno a morte cando chegou do Ateneo á casa. Durante a súa vida profesional defendeu a conexión da escola co traballo, e durante a xubilación, o traballo seguía sendo a súa principal actividade de ocio.

Estaba derrotado polo franquismo e polo pouco entusiasmo que encontrou entre o maxisterio da transición por retomar debates de tipo sindical e político sobre o rumbo que debía tomar a educación neste novo contexto democrático. Tentou traballar na FETE, sacando o pó do carné que tiña do ano 1936, pero non encontrou un ambiente favorable, nen moito menos semellante ao do periodo republicano.

³³ Ramón L. Acuña, (2000): “Acuña ou a discreción” en Nicolás, R. ed.: *Manuel Luis Acuña*. Vigo: Edicións Xerais. Pp 197-214.

³⁴ X. M. Cid, (1989): *Educación e ideoloxía en Ourense na IIª República. Organización e acción socioeducativa do maxisterio primario*. Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade.

As longas conversas que tivemos, e aquela primeira homenaxe aos mestres republicanos que supuxo o nomeamento como Socios de Honra de Nova Escola Galega no 14 de abril de 1985, activaron ó vello trotskista, incitándoo a levar á práctica un vello proxecto de seu irmán Cándido, de crear unha editora co nome de “La Golondrina” en 1933. Fixo posible o proxecto con diñeiro e esforzos persoais e naceu “Edicións Andoriña, na que publicou dous fermosos libros de memorias: *Ourense Atenas de Galicia* (1989) e *Política y Pedagogía. Memoria teórica de un maestro de la A.T.E.O.* (1990 e 1995).

No primeiro recolle o debate literario dos anos vinte, biografiando a unha boa parte dos escritores que el clasificaba en dous grupos: nacionalistas e vangardistas.

En *Política y Pedagogía*, ademais de analizar a actualidade política dos últimos anos, preséntanos una selección de recordos seus, relacionados con mestres e compañeiros da xeración republicana, que sufriran os efectos da represión: Eligio Núñez, Amadeo López Bello, Rafael Alonso Rodríguez, Antonio Caneda Rodríguez, Eduardo Villot Canal, Manuel Gómez del Valle, Félix Salgado del Moral, Jacinto Santiago García, Roberto Blanco Torres, Ignacio Herrero Fuentes e Mario Fernández Mazas.

No libro refléxase tamén o seu propio pensamento, un militante de Izquierda Comunista, que ingresa no PSOE para reforzar as teses revolucionarias de Largo Caballero, representadas en Ourense por Ramón Fuentes Canal.

Iniciárase como docente na escola de Bóveda (Amoeiro), zona nuclear na Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense. Pois alí estaban Rafael Alonso, Eligio Núñez, Ignacio Herrero ou Adolfo Ansias (emblemático no momento posterior de represión, pois estivo 28 anos nun pequeno habitáculo que seu pai fixo na casa, ata que saíu cego e con moitos problemas físicos). Finalmente tivo destino en Vilariño (Pereiro de Aguiar) nos derradeiros anos da República. Alí viviu as eleccións que gañou a Fronte Popular, aínda que lembra os pucheirazos que fixeran as dereitas, para conquistar que en Ourense todo quedase igual que antes da República.

O seu protagonismo na A.T.E.O. comeza tarde, pois na primeira parte da revista escribe co pseudónimo de Jorge Plá – para non preocupar ó seu irmán que tiña crises nervosas – e mantén un forte debate cos compañeiros que defendían a separación da Política e a Pedagogía (entreles Raúl González, Albino Núñez e Abel Carvajales), defendendo a tese de que os mestres deben comprometerse coa realidade das clases

obreiras e campesinas. Discrepa tamén doutros mestres marxistas, que seguían dun xeito acrítico os “dictados” da URSS, pois cree que é un modelo mellorable.

Na segunda etapa, despois de que algúns compañeiros fosen represaliados no tempo da revolución de outubro de 1934, Armando Fernández Mazas pasou a ter un protagonismo maior tanto na Asociación como na Revista, que agora deixa de chamarse *Escuela de Trabajo* e pasa a denominarse coas mesmas siglas da Asociación. Ademais colabora no semanario antifascista *Espartaco*.

O levantamento franquista colleuno de vacacións e, según nos comentou, estivo tentado a incorporarse á escola, pois fuxir era declararse culpable de algo. Pero por outra parte, decatouse que o Maxisterio republicano era acusado só por ser mestres e republicanos, non era preciso ter ningún delito. Por iso estivo refuxiado en León, protexido por uns mineiros, logo agochouse nas montañas de Castro Caldelas. En 1942, pasou a Portugal co nome de señor Ignacio, onde residiu cinco anos, ata instalarse en Valencia, cun carnet falso no que pasou a denominarse José Fernández Pato. Detido en 1955, pasou por Carabanchel e logo concedéronlle a liberdade condicional. En 1963 reingresou no Maxisterio, coa condición de estar fóra de Galicia. Despois de tres anos na illa da Gomera, tivo destino definitivo en Pombeiro (Pantón-Lugo, ata a súa xubilación en 1975. Alí volveu retomar a súa vella idea da Xeografía Parroquial. Coa democracia recupera a militancia no PSOE e na UGT, co sono de resucitar a ATEO, pero pronto se decatou de que os tempos tiñan cambiado, polo que pasou o resto da súa vida, mais de 20 anos, entregado a dous proxectos extraordinarios: a recuperación da memoria do seu irmán Cándido, e recuperar a memoria dos compañeiros da ATEO.

A pesares dos 91 anos que levaba enriba, estaba en pleno uso das súas facultades mentais, e tamén se defendía no aspecto físico. Por iso a súa morte repentina colleume por sorpresa, polo que só lembro dous encargos que me facía con insistencia: un, pedirlle aos mestres xoves que reflexionasen sobre política e pedagogía, valéndose do seu traballo publicado con ese título; outro, tentar contactar con Ignacio Herrero, se continuaba con vida no seu exilio de Venezuela.

“Escribíume en 1990, con moita ilusión por encontrarnos, e repasar aqueles principios e técnicas pedagóxicas que aínda podían ter vixencia. Estaba cheo de saúde e ofreceume traballos seus para publicar na editorial Andoriña. Pero de repente deixei de ter noticias del; non creo que lle pasase nada, pero puido ser que os fillos, ó velo tan emocionado, lle quitasen da cabeza esa idea de

recordar aqueles tempos tan tráxicos, e a teima de vir a Galicia, pois con 90 anos podía ter calquera achaque”.³⁵

Ainda non poden cumprir ningún dos dous encargos, pero os dous serían moi importantes para dar continuidade a un traballo extraordinario por redefinir a función social da escola, para que estivese ao servizo dos nenos das crases mais desfavorecidas. Encontrar o arquivo de Ignacio Herrero pode ser tamén interesante para continuar a labor de recuperar a memoria histórica desta xeración extraordinaria de mestres sindicalistas.

En fin

Podemos seguir analizando outras biografías de sindicalistas rotas pola represión franquista de 1936. O seu traballo non foi en balde, pois o maxisterio actual ten neles un referente extraordinario para seguir loitando por unha profesionalización digna, por unha formación universitaria co rango de licenciatura e por un futuro mellor para os nenos e nenas galegas, nunha escola na que se sintan como na casa.

³⁵ Testemuña persoal de Armando Fernández Mazas.